

TEXTOS DA NOVA NARRATIVA GALEGA

“A superficie está lañada xustamente por onde falta a pintura. Anteriormente Fña sido verde, agora era moura, denegrada, marrón, arrubiscada. As esFlas eran máis claras. O respaldo conFnuaba sendo verde e contrastaba co negro enferruxado das patas de ferro. Nalgunhas partes, sobre de todo nas extremidades, había pequenos buracos. Esperto con dor. Teño unha orella meFda nun dos buracos máis grandes. As miñas mans penden a ambas as bandas da táboa lañada, engadíndolle dúas patas ao banco, dúas patas curvas e redondas cunha base sobresaíndo contra fóra como un sillón esFlo Luís XV. No banco, no extremo oposto de onde se atopa a miña cabeza, sobresaen as punteiras rompidas dos meus zapatos. Ergo un brazo con coidado, comprobando que este desprazamento non afecta en absoluto á estabilidade do banco. Apoando un brazo no respaldo, e cun pequeno pulo, podo por fin Frar a miña orella do buraco, mentres coa outra man valeira apalpo a orella. A miña man arrédase insFnFvamente como se recibira unha descarga eléctrica. Un pouco estra ñado volvo a intentar o achegamento. Esta ves de vagar, e comprobo que a miña orella está quente. Tócome a outra e está moi fría, igual que as miñas mans, como todo o meu corpo. Decátome de que teño frío, e o meu corpo comeza a tara belear, a tremer. Volvo a achegar a miña man á orella. Podería intentar quentalala. É agradábel. Agora podo pensar”.

María Xosé Queizán, *A orella no buraco*, Galaxia, 1965

OS HOMES E A NOITE

- Queres beillar?

- Non.

- Bueno.

Mingos tiña os pelos tesos e falaba de esguello, con meia boca. Ela era peituda e retaco.

Insistiu: - Queres beillar ou que?

Ela colleu medo e foille. Había moito pó nos traxes azuis e nas gorxas e nas cretonas das saias. Unha festa suxa e concurrida. Veu un rapaz longo e moreno que lle chamaban Aloí.

Díxolle ao Mingos:

- Está o Pitutas aí embaixo. ¿Vés?

- Vou.

E quixo desfacerse da rapaza. Ela agarrouno das lapelas e dixo:

- Déixasme quedar en baile?

- E logo?

Aloí e mais Mingos axuntáronse nun camiño, arredado da festa, co Pitutas, un jicho de Vigo, moi agudo. O Pitutas era chosco e un meio home con voz de galiña choca.

- Boas noites. - Boas noites.

O Pitutas cuspiu de lado e dixo:

- Hai tempo que agardo. Bueno. Teño un bo choio pra vós.

- De que clas?

- Pois non vos espaventades: sangue. Non poñades esa cara. O que a precisa paga e ao carallo. Ademais é unha obra de caridade, o probe home está ético perdido. Mil pesetas por facer nada. Vinde canda min.

O Aloí e mailo Mingos olláronse. Moveron a cabeza.

- Non.

- Non -dixeron.

- Pero se non tendes máis que armar quimeria e atraguer a toda a xente e mais á parexa... Eu fago o resto... Se é que pasa algo, o que vai ao caldeiro son eu. Vosoutros nada. Vinde canda min.

Foron debaixo dun toldo e pidiron viño. O Pitutas esplicoulles:

- Non me ser da aldea, carallo. Non ter escrúpulo... Ademais non hai ninguén do voso pueblo nesta festa. Non sei que medo tendes, arreconcho. Vós vedes aqueles rapaces que están a xogar alá? Bueno. Pois agora que xa é noite vós organizades unha liorta no meio da festa. Cando estea ben armada eu fuxo cun rapaz. Está?

- Veña. Si -dixo o Aloí.

- Si -dixo o Mingos.

O Pitutas diulles mil pesetas e estreitoules a mao. Iles beberon cada un neto e meio. A orquestra tocaba un fox moi maino. Percuraron a parella que beillaba máis arrechegada. "Agora tócanos a nós, bailarín." O Aloí bateu, ao dicir isto, nas costas do mozo. Separouse iste da rapaza e recibiu unha piña nun ollo que o derrubou en terra. Ela berrou e viñeron máis mozos. O Aloí e mailo Mingos loitaron coma lobos. As mulleres berraron moito (...)
Dixo o Aloí:

- Eu vin ao Pitutas e tamén vin ao neno que roubou. Era pequeno. Pra aí cinco anos. E moi moreno. O Mingos lambeu o sangue negro que lle escoaba do narís. Dixo despois:

- Cago na nai que fundou ao Pitutas... Cinco anos... E moreno.

- Como o teu rapaz.

- Non. Non pode sere...

- Non empeces a pensar cousas. Quen había tragner o teu rapaz a esta festa, tan lonxe?

- Por onde foi?

- Quen?

- O Pitutas, carallo. Por onde foi? Por onde foi, Aloí?

- Por aquil camiño. Cara a carretera de Ourense, supoño.

- Hai moito?

- De que?

- Hai moito que fuxiu co neno, Aloí?

- Pra aí dez minutos.

- Imos alá. Imos tras dil.

O Mingos limpouse o suor da fronte. Aínda botaba sangue polo narís. Botouse a correr. Detrás dil foi o Aloí (...) Pitutas. Pitutas. Déixame o neno. Déixame o neno. O Pitutas botou a correr. E o Mingos atrás:

- Déixame o neno que te mato.

O Pitutas viu ao Mingos co cabelo teso berrando cousas incomprensíbeles. Íballe derrama-lo negocio. Un tiro resoou seco e queimoulle un ombreiro ao Mingos. O Pitutas apuntaba unha outra vez, á lus nidia na lúa. Pro unha longa e elástica figura deixouse caír, dende unha alta beira, sobre o Pitutas. As blasfemias axuntáronse ao ruído constante das pancadas. Chegou o Mingos e colleu ao rapaz: estaba morto dun pau na caluga.

- Déixame, Aloí -dixo o Mingos.

O Aloí arredouse. O Pitutas cos ollos moi abertos, negros, fondos coma bocas de rifle, considerou a face ferida, renegrada, suada, do Mingos. E logo a súa atención concentrouse nas maos duras que o collían polo pelo, e logo unhador aguda na testa e logo nada. Pro o Mingos non se cansou de machucarlle a testa contra unha laxe do chao, até que reparou de que a zona occipital estaba esmigallada. Logo dixo:

- Matáchesme o fillo...

O Aloí acendeu un misto e recoñeceu de fadante ao neno morto. E díxolle ao Mingos:

- O que che eu decía. Non é o teu rapaz.

Voltou o outro a testa. Respondeulle:

- E que?

Xosé Luís Méndez Ferrín, *O crepúsculo e as formigas*. Xerais, 1961

.....
Monólogo

Se se cabrea que se cabree. A min que. Aguanto i adiós. Vaime matar ou que. Se se cabrea, ala, a beber, a beber i a cantar ou que. Xa sei o conto. Nada de berros nin barullos. Conozo ben o choio. Nin siquera me di borracho, non, ela ben sabe. Abóndalle ai, meu Dios, ai, meus filliños, ela ben sabe. Se se cabrea que se cabree. Ás doce e media non me meto eu na casa. Non me meto non ou que. Vou estar de oito a oito dando clases e logo nada, non, home, non. Veña, que se cabree. Ai, meus filliños, ai, ai que estou canso. Porque un home pódese cansar e despois, bueno, é millor calar porque me estou cansando de ter aí, no primeiro banco ó fillo do Chevrolet, con cara de touciño, porque me estou cansando e un día ponse de rodillas sen máis porque me dá a gana porque estou canso de ver a cara de parvo que ten, que parece un apalominado, me cago nil, que burro, si, que burro, que lle vou decir ó Chevrolet que o poña a cavar ou que o meta nun comercio, que o raparigo non serve, que é tatexo e non me sabe dividir por decimais, cara de touciño, cara de non sei que que ten o porco ise. E se se cabrea, tamén me cabreo eu, que xa está ben de apandar ou que, que non vai ser sempre día de santo entroido. Veña, que se bebo é á miña conta, que non lle pido a ninguén e se lle pido, millor que se pides, prestan ó oito, que xa podes ter á muller pra dar á luz, que non hai volta, quince mil e ó oito e se non che convén, ós morcegos, a papar vento, que bastante favor din que che fan, que se expoñen, que os recibos ó fin non serven pra nada, que non che van quitar a pel ou que inda que findes na cadea eso non importa, que con ir un á cadea eles non cobran e que se che embargan, o embargo non val o que tiñan que cobrar, que se me cabreo vou coller o vaso e vouno escachar contra o chau e se quero non deixo un vaso san que xa veremos como me arranxo en xaneiro que me vén o quinto en camiño e aínda que traia o pan debaixo do brazo o pan heino mercar eu, ou que. E a algún volveu mandar o vaso á cabeza, que de min non se ri ninguén nin naceu fillo de nai que me bata; que me estou cansando e vai ser ela, que me estou cansando e cando me canso non respondo, que xa está ben ou que, tanto mirar de esguello ni niño muerto, tanto mirar así, como se non foras xente ou como se non fveras ollos, que moitos pensan que un é parvo coma o fillo do Chevrolet, que ten cara de touciño, que algún vaise acordar da nai que o pariu. E se lle toca ó fillo do Chevrolet, tócallo, que ten o ángulo facial obtuso de dez grados. Anda, anda, pinta, parvo, pinta un ángulo recto, que non sabes o que é, home claro que non sabes, home claro que non sabes porque tés o ángulo facial obtuso de dez grados, ai, ai, ai, que non o sabes, que ninguén sabe nada, ai, meus filliños, ai, van rematar parvos por falta de vitaminas D ou C e o fillo do Chevrolet e os cen mil fillos de San Luís e os mil lapós de lonxe, da Laponia, do frío, que din que si, que si-señor, que todo está ben, que todo vai ben, que si, que si-señor, e aplaudir así: plaf, plaf, plaf, todos, que aplaudan todos, que todo o mundo aplaude, que hai que aplaudir, si, si, si-señor, que a ver se pensan que un é parvo ou que, que un somentes come touciño ou que, ou que un as pasa negras, negrísimas, sen decir que se pasan negras, negrísimas, porque está millor visto decir que se pasan brancas, ai, que se me abre a boca, a... que teño sono, soneiro, sonámbulo, sonámbulos todos, todos: eu e o taberneiro e as vírxenes de oitenta anos histérico sonámbulo perdidas e os perdidos, sonámbulos tamén, ai, sonámbulos os meus filliños, ai, que meu home é un perdido, pero non o di, eso non o di, ai, que non o di, que non o di, frere xaque din, din don, que non o di que non o vin, pero dixéronme que si: gallegos y animales ou algo así, o carteliño da estación de Madri i i i, Pi i i i, que estou trompa e que, se son de provincias e que, porque ó millor non somos xente e temos o ángulo facial obtuso e falta de vitamina D, algún vaise acordar de min e do chotis e agora voume porque quero e non me manda ninguén porque son y son y son unos fanfarrones faraones, ones, ós, millós, que son cousas da fonética, ai, ai, ai, a fonética, ética, estética, dietética, cosmética. Voume. Unha, dúas, tres...